

CONVOCATORIA

PROXECTO MENTORING USC. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

CURSO 2025/2026

1. OBXECTIVO

O Proxecto Mentoring da USC é unha iniciativa impulsada dende a [Área de Orientación Laboral](#) da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura que ten como obxectivo iniciar ao estudiantado universitario e titulados e tituladas recentes nun programa de apoio individual para a toma de decisións e a planificación do seu futuro profesional. Ás persoas participantes proporcionaráselles o contacto cun profesional experimentado da mesma área profesional, que lles ofrezca asesoramento, información e apoio para que poidan identificar mellor as súas fortalezas, definir o seu proxecto profesional e aproveitar as oportunidades da súa contorna, coa finalidade de mellorar as súas posibilidades de acceso ao mundo laboral.

2. ¿EN QUE CONSISTE O PROXECTO?

Este Proxecto estrutúrase en dúas fases:

1ª Fase:

Duración: novembro 2025- xaneiro 2026

- Selección de participantes
- Elaboración do plan de acción inicial que posteriormente se desenvolverá co/coa mentor/a asignado. Neste documento cada estudante participante deberá reflectir

os seus intereses e obxectivos profesionais, e os principais puntos que se tratarán nas entrevistas de mentorización, para iso contarán co apoio do persoal técnico da Área de Orientación Laboral da USC.

- Actividades formativas dirixidas á mellora da empregabilidade. As persoas seleccionadas deberán participar en actividades de formación complementaria sobre competencias transversais e estratexias para a busca de emprego.
- No mes de xaneiro ofrecerase asesoramento e propostas consensuadas aos estudantes que vaian participar nesta segunda fase, para a elección do mentor/a.
- Na decisión final da asignación terase en conta que o/a mentor/a pertenza a unha área formativa/profesional acorde co ámbito formativo e intereses do estudante. (sempre en función da dispoñibilidade dos mentores participantes no programa).

2ª Fase: Proceso de mentorización

Duración: febreiro-xuño de 2026

Nos meses de febreiro a xuño desenvolveranse as entrevistas entre cada participante e o seu/súa mentor/a:

- Durante o desenvolvemento do proxecto, mentores/as e alumnos/as **deberán programar un mínimo de catro xuntanzas** que deberán celebrarse nas datas e horarios pactados entre ambos participantes (estudante e profesional).

No transcurso destes contactos establecerase unha relación de apoio no que os/as mentores/as, de forma individualizada, darán a coñecer o seu ámbito e desenvolvemento profesional, e poderán ofrecer asesoramento aos participantes sobre a forma de abordar a transición ao mundo laboral.

Poderán concretarse nas seguintes actuacións:

- Obter coñecementos da área de traballo de interese.
- Enfocar a busca de emprego desde a perspectivas dos empregadores.
- Coñecer profesionais do sector de interese.
- Coñecer outras alternativas profesionais.
- Clarificar dúbidas sobre a profesión elixida.
- Obter unha perspectiva realista do mundo laboral.

- Apoio para a definición do obxectivo profesional e de itinerarios formativos.
- Coñecementos específicos e prácticos sobre a profesión do/a mentor/a.
- Apoio para mellorar e adaptar o perfil profesional ao mercado laboral.

Ao finalizar o proxecto, no mes de xuño, os estudantes deberán entregar o plan de acción traballado co/a mentor/a na Área de Orientación Laboral da USC.

Tamén deberán contestar a enquisa de avaliación do proxecto que se lles enviará por correo electrónico.

3. ¿QUEN PODE PARTICIPAR NESTE PROXECTO?

Poderán participar:

- A) Estudantes de último curso de Grao ou Máster (matriculados no presente curso académico)
- B) Titulados/as de Máster no curso 2024/2025
- C) Graduados/as no curso 2024/2025

Quedan excluídas as persoas que participaran como “mentorizadas” en convocatorias anteriores deste proxecto ou en programas de mentorización de similares características.

4. PROCESO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Para ser admitidas no Proxecto Mentoring, as persoas que reúnan os requisitos antes descritos, deberán pasar por un proceso previo de selección, que suporá:

1. Asistir a unha reunión grupal de carácter informativo á que serán previamente citados.
2. Asinar un documento de aceptación do compromiso que supón a participación no proxecto.
3. Superar unha entrevista de valoración individual cunha orientadora laboral da Área de Orientación Laboral da USC.

As listaxes de admitidos publicaranse na sede electrónica da USC.

5. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA

O alumnado participante deberá comprometerse por escrito a cumprir as seguintes obrigas:

- Completar o proceso de mentorización.
- Asistir ás sesións formativas e actos que se programen como parte do proxecto.
- Elaborar un plan de acción no que se especifiquen os obxectivos que se esperan alcanzar no programa e a planificación de tarefas que se vaian realizar co/a mentor/a.
- Tomar a iniciativa para contactar co/a mentor/a. Establecerase un prazo para contactar co/a mentor/a, **as persoas que incumpran este prazo quedarán excluídas do proxecto.**
- Planificar co/a mentor/a os obxectivos.
- Responder aos correos de seguimento que lles enviará o persoal técnico de orientación laboral ao longo do proxecto.
- Comunicar ao persoal técnico de orientación laboral calquera incidencia que teña lugar respecto á súa participación neste proxecto.
- Presentar o plan de acción desenvolvido co/a mentor/a ao finalizar os cinco meses de duración do proxecto*
- Cubrir unha enquisa para valorar o desenvolvemento do programa e os resultados obtidos*

**Aquelas persoas que non presenten o plan de acción e que non cubran a enquisa de valoración final non se lles fará entrega do diploma acreditativo de participación.*

6. CRITERIOS DE EMPARELLAMENTO

Valorarase especialmente a afinidade existente entre a cualificación e o encadramento profesional do/a mentor/a e a titulación ou especialidade da persoa mentorizada.

Resultará deserta a adxudicación cando tecnicamente non poida lograrse o emparellamento entre mentor e mentorizado.

7. PRAZO DE INSCRICIÓN E PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN

Prazo de inscrición e de presentación da documentación: dende o día 22 ata o día 29 de outubro de 2025.

Procedemento:

A inscrición farase a través da secretaría virtual: [MATRÍCULA](#)

8. RENUNCIAS E BAIXAS

No caso de circunstancias que imposibiliten a continuidade dun estudante no proxecto, este deberá comunicalo por escrito, expoñendo os motivos polos que renuncia á súa participación, e presentando, se procede, o xustificante que o acredite.

O persoal técnico do proxecto resérvase o dereito de dar de baixa a aqueles alumnos que incumpran as obrigas derivadas da súa participación.

Máis información:

[Proxecto Mentoring](#)

proxecto.mentoring@usc.gal

Tlfno.: 881812850

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Vicerreitora de Estudantes e Cultura
(P.D., R.R. do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)

Pilar Murias Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ,
VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 17/10/2025
09:57:09.

CSV: A1E8-72BA-4CC8-856E